

## Departamento de ECONOMÍA

### I. Aspectos xerais da programación

A programación do departamento de Economía adáptase á nova programación LOMCE recollida no Decreto 86/2015 para a Comunidade Autónoma Galega, así como a O do 15 de xullo de 2015, na que se regula a oferta de materias de libre configuración autonómica así como as condicións para a programación de materias de libre configuración do centro.

As materias correspondentes ao departamento no curso 2020/21 son as seguintes:

- Economía	4º ESO
- Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	4º ESO
- Economía	1º Bacharelato
- Economía da Empresa	2º Bacharelato
- Fundamentos de Administración e Xestión	2º Bacharelato

### II.- Conceptos clave (Orde ocd 65/2015)

#### A. Elementos curriculares

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliáveis. Poden concretarse a través dos indicadores de logro

## B. Criterios de cualificación

Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. <b>(O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)</b>
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o <b>grao mínimo de consecución</b> esixible dun estándar para superara a materia <b>(Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015)</b> (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. <b>(Galicia non os menciona)</b>
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o <b>“o valor”</b> que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . "Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a

## C. Outros aspectos

Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo <b>(Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)</b>
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave <b>(Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)</b>
Avaliación das	"A avaliación do grao de adquisición das completencias debe estar

competencias	integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	<b>Exemplo: B1.1 : B1:</b> Bloque de contido / <b>1:</b> Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: XH B1.1 .2 <b>XH:</b> Abreviatura da área: Xeografía e Historia <b>B1.</b> Bloque de contidos do que xorde o estándar <b>1.</b> Número do criterio de avaliación que orixina o estándar <b>2.</b> Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

### III.- Contexto

#### 1.- Contexto do centro

##### Características do centro:

A presente programación impartirase no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo. Trátase dun centro con moita tradición na vila e que recibe alumnos procedentes de zonas predominantemente urbáns, así como de vilas próximas como Nadela e Portomarín

O centro conta con servizos de transporte e comedor para atender as necesidades dos alumnos situados nas zonas mais alonxadas do mesmo, aínda que a maior parte deles acude ao centro polos seus propios medios.

No centro impártese a educación secundaria obrigatoria e todas as modalidades e bacharelato agás o artístico. Conta tamén cun ciclo formativo de grado superior, Técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas. E ensinanzas de réxime especial, Técnico deportivo en atletismo.

### IV. Materias

## ***Economía - 4º E.S.O. Normal***

### **1.- Obxectivos**

De acordo co Decreto 86/2015, relaciónanse a continuación os obxectivos da E.S.O.. Destácanse en negrita os obxectivos relacionados ca materia, tal e como se recollen no currículo da mesma, regulado na Orde do 15 de xullo de 2015.

<b>A</b>	<b>Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.</b>
<b>B</b>	<b>Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</b>
<b>C</b>	<b>Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller</b>
<b>D</b>	<b>Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.</b>
<b>E</b>	<b>Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</b>
<b>F</b>	<b>Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.</b>
<b>G</b>	<b>Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</b>
<b>H</b>	<b>Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</b>
<b>I</b>	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada
<b>L</b>	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
<b>M</b>	<b>Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e</b>

	<b>incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.</b>
N	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
Ñ	<b>Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</b>
O	<b>Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.</b>

## 2. Secuenciación e temporalización dos contidos

A.	UD	Bloque	Contido	Criterios de Avaliación	Ref.	Temporalización		P.A.		
						Mes	S			
<b>Bloque 1. Ideas económicas básicas</b>										
1	1	B1.1.	Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.	B1.1.	Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.					
		B1.2.	Principios na toma de decisións económicas.							
		B1.3.	Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.							
	2	B1.4.	O método na economía: modelos económicos.	B1.2.	Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.					
		B1.5.	Fronteira de posibilidades de produción.							
		B1.6.	As relacións económicas básicas e a súa representación.						B1.3.	Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.
<b>Bloque 2. Economía e empresa</b>										
1	3	B2.1.	A empresa e o/a empresario/a.	B2.1.	Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.					
		B2.2.	Elementos, funcións e obxectivos da empresa.							
		B2.3.	Clases de empresas.							
		B2.4.	Formas xurídicas da empresa.							
	4	B2.5.	Proceso produtivo e factores produtivos.	B2.2.	Analizar as características principais do proceso produtivo.					
		B2.6.	Sectores da actividade económica.							
2	5	B2.7.	Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	B2.3.	Identificar as fontes de financiamento das empresas.					
		B2.8.	Ingresos e custos da empresa: clasificación.	B2.4.	Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.					
		B2.9.	Resultados da empresa.							
		B2.10.	Obrigas fiscais das empresas.						B2.5.	Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.
<b>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</b>										
2	6	B4.1.	Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	B4.1.	Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.					
		B4.2.	A débeda pública e o déficit público.	B4.2.	Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.					
		B4.3.	Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3.	Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.					
<b>Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</b>										
2	7	B5.1.	Tipos de xuro.	B5.1.	Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.					
		B5.2.	Inflación.							
		B5.3.	Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.							
		B5.4.	Desemprego: clasificación e consecuencias.							
	8	B5.5.	Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.	B5.2.	Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.					
		B5.6.	Perspectivas da ocupación.							
<b>Bloque 6. Economía internacional</b>										
3	9	B6.1.	Globalización económica.	B6.1.	Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.					
		B6.2.	Comercio internacional.							
	10	B6.3.	Integración económica e monetaria europea.							
		B6.4.	Economía e ambiente: sustentabilidade.							

Bloque 3. Economía persoal									
3	11	B3.1.	Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.	B3.1.	Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.				
		B3.2.	Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.						
		B3.3.	Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B3.2.	Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.				
		B3.4.	Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.	B3.3.	Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.				
		B3.5.	Risco e diversificación.						
	B3.6.	O diñeiro.							
	12	B3.7.	Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.	B3.4.	Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.				
		B3.8.	Relacións no mercado financeiro: información e negociación.						
		B3.9.	Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.						
		B3.10.	O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.			B3.5.	Cofecer o concepto de seguro e a súa finalidade.		

### 3.Relacionar aspectos curriculares para cada unidade.

JD	I.Cont.	I.C.A.	I.E.A.	Estandar de aprendizaxe	C.C.	G.M.C.	Peso	Inst.		T.Transv.						
								P.Esc.	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
1	B1.1. B1.2. B1.3.	B1.1.	ECB1.1.1.	Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL/CSC	100%	4	70%	30%	X	X			X	X	X
			ECB1.1.2.	Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CAA/CD	100%	3	70%	30%	X	X			X	X	
			ECB1.2.1.	Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CCL	100%	3	70%	30%	X	X	X		X		
2	B1.4. B1.5.	B1.2.	ECB1.2.2.	Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	CAA /CSC	75%	3	70%	30%	X	X				X	
			ECB1.2.3.	Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	CD/CMCCT	100%	4	70%	30%	X	X	X		X		
			B1.6.	B1.3.	ECB1.3.1.	Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	CMCCT/CSC	100%	3	70%	30%	X	X	X		X
	ECB1.3.2.	Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.			CMCCT/CSC	75%	2	70%	30%	X	X			X	X	
3	B2.1. B2.2. B2.3. B2.4.	B2.1.	ECB2.1.1.	Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	CMCCT/CSIEE	100%	3	70%	30%	X	X		X	X	X	
			ECB2.1.2.	Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA/CD	75%	3	70%	30%	X	X			X		
			ECB2.1.3.	Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	CSIEE/CSC	75%	3	70%	30%	X	X	X	X	X	X	
4	B2.5. B2.6.	B2.2.	ECB2.2.1.	Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT/CSC	100%	4	70%	30%	X	X			X	X	
			ECB2.2.2.	Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CD/CSC	75%		70%	30%	X	X	X	X	X	X	
5	B2.7.	B2.3.	ECB2.3.1.	Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL/CD/CMCCT	100%	4	70%	30%	X	X	X	X	X	X	

B2.8. B2.9. B2.10.	B2.4.	ECB2.4.2.	Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD/CMCCT	100%	4	70%	30%	X	X	X	X	X	X		
	B2.5.	ECB2.5.1.	Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	CD/CMCCT	75%	3	70%	30%	X	X	X	X	X	X		
		ECB2.5.2.	Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	CSC	50%	2	70%	30%	X	X				X		
11	B3.1. B3.2.	B3.1.	ECB3.1.1.	Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA/CD/CMCCT	75%	4	70%	30%	X	X	X	X	X	X	
			ECB3.1.2.	Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	CAA/CD/CMCCT	75%	3	70%	30%	X	X	X	X	X	X	
			ECB3.1.3.	Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA/CD/CMCCT	75%	3	70%	30%	X	X	X	X	X	X	
	B3.3.	B3.2.	ECB3.2.1.	Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	CAA/CSIEE	75%	2	70%	30%	X	X			X	X	X
	B3.4. B3.5.	B3.3.	ECB3.3.1.	Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	CAA/CSC	75%	2	70%	30%	X	X			X	X	X
ECB3.3.2.			Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA/CSC	100%	3	70%	30%	X	X			X	X	X	
12	B3.6. B3.7. B3.8. B3.9.	B3.4.	ECB3.4.1.	Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria..	CCL/CMCCT	100%	3	70%	30%	X	X			X	X	X
			ECB3.4.2.	Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL/CAA/CD	75%	3	70%	30%	X	X		X	X	X	X
			ECB3.4.3.	Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA/CD	75%	2	70%	30%	X	X			X	X	X
			ECB3.4.4.	Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL/CD/CMCCT	100%	3	70%	30%	X	X		X	X	X	X
	B3.10.	B3.5.	ECB3.5.1.	Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA/CCL/CMCCT	100%	2	70%	30%	X	X			X	X	X
6	B4.1.	B4.1.	ECB4.1.1.	Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	CMCCT/CSC	75%	3	70%	30%	X	X		X	X	X	X
			ECB4.1.2.	Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	CD/CMCCT	75%	3	70%	30%	X	X	X	X	X	X	X
			ECB4.1.3.	Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	CMCCT/CSC	100%	4	70%	30%	X	X	X		X	X	X
			ECB4.1.4.	Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CCL/CSC	100%	2	70%	30%	X	X	X		X	X	X
	B4.2.	B4.2.	ECB4.2.1.	Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL/CMCCT	100%	3	70%	30%	X	X			X	X	X
	B4.3.	B4.3.	ECB4.3.1.	Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta	CCL/CMCCT/CSC	75%	3	70%	30%	X	X			X	X	X
ECB4.3.2.			Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	CAA/CD/CMCCT	75%	2	70%	30%	X	X	X	X	X	X	X	



7	B5.1. B5.2. B5.3. B5.4.	B5.1.	ECB5.1.1.	Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL/CSC	100%	2	70%	30%	X	X			X	X	
			ECB5.1.2.	Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	CCL/CMCCT/CSC	100%	4	70%	30%	X	X	X		X	X	X
			ECB5.1.3.	Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CD/CMCCT	75%	3	70%	30%	X	X	X	X	X	X	X
8	B5.5. B5.6.	B5.2.	ECB5.2.1.	Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL/CMCCT/CSC	100%	3	70%	30%	X	X	X		X	X	X
			ECB5.2.2.	Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	CD/CSC	75%	3	70%	30%	X	X	X	X	X	X	X
			ECB5.2.3.	Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	CAA/CD	75%	2	70%	30%	X	X	X	X	X	X	X
9/ 10	B6.1. B6.2. B6.3. B6.4.	B6.1.	ECB6.1.1.	Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	CAA/CSC	75%	2	70%	30%	X	X	X		X	X	
			ECB6.1.2.	Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	CCL/CSC	75%	3	70%	30%	X	X	X		X	X	
			ECB6.1.3.	Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional	CAA/CD/CSC	100%	2	70%	30%	X	X	X		X	X	
			ECB6.1.4.	Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	CCL/CD/CSC	100%	4	70%	30%	X	X	X		X	X	X
			ECB6.1.5.	Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CAA/CSC	100%	2	70%	30%	X	X	X		X	X	X

### LEENDA COMPETENCIAS

<b>CCL</b>	<b>Comunicación lingüística</b>
<b>CMCCT</b>	<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía</b>
<b>CD</b>	<b>Competencia dixital</b>
<b>CAA</b>	<b>Competencia aprender a aprender</b>
<b>CSC</b>	<b>Competencias sociais e cívicas</b>
<b>CSIEE</b>	<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</b>
<b>CCEC</b>	<b>Conciencia e expresións culturais</b>

### LEENDA TRANSVERSAIS

<b>CL</b>	<b>Comprensión lectora</b>
<b>EOE</b>	<b>Expresión oral e escrita</b>
<b>CA</b>	<b>Comunicación audiovisual</b>
<b>TIC</b>	<b>Tecnoloxías da información e comunicación</b>
<b>EMP</b>	<b>Emprendemento</b>
<b>EC</b>	<b>Educación cívica</b>
<b>PV</b>	<b>Prevención da violencia</b>

(1) A partir de cada estándar pódese determinar “**indicadores de logro**” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As **rúbricas** soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,.

## 4.- Metodoloxía

### 1.- Estratexias metodolóxicas

#### ***Aspectos xerais***

Desde unha perspectiva interdisciplinar, a área contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para un desenvolvemento curricular coherente e integrador entre tódalas áreas. Nesta etapa, tales áreas deben reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso cas diferencias individuais.

Os principios son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade constructiva do alumno.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno. Evitarase no posible a abstacción e intentarase destacar a parte máis realista e actual de cada tema, inducendo ó alumno a facer comentarios e a buscar casos prácticos sobre o exposto.
- Orientaremos a nosa acción a estimular a capacidade de aprender a aprender.
- Promoveremos a adquisición das aprendizaxes funcionais e significativos.
- Atenderemos ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos unha avaliación que proporcione ó alumno unha orientación e información sobre o seu proceso de aprendizaxe.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía.
- Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerese a expresión individual, estimularase a iniciativa e a espontaneidade.

Dacordo co establecido no Proxecto Educativo do centro, a metodoloxía a seguir nesta programación tratará de darlle un enfoque eminentemente práctico á asignatura. Non obstante, é imprescindible unha primeira introducción teórica a cada un dos temas, facilitando a adquisición de conceptos mediante a súa explicación e acercamento ao nivel de desenrolo e capacidade do alumnado.

#### ***Secuenciación habitual de traballo na aula***

O método a aplicar en cada tema consistirá nunha pequena introducción plagada de exemplos cercanos á realidade dos alumnos, abrindo o debate sobre os problemas

plantexados e identificando o nivel de coñecementos do alumnado respecto dos temas tratados. Tratarase de activar contidos e orientar a atención cara ao tema a tratar.

Acto seguido realizaranse actividades encamiñadas a asegura-lo aprendizaxe dos contidos explicados e a investigación da realidade circudante respecto ós mesmos. Tratarase en todo momento de inculcarlles aos alumnos una actitude dinámica, de búsqueda de información e análise da mesma.

Correspóndelle ao docente proporcionar ao alumnado os recursos necesarios para o seguemento da clase e a adquisición dos contidos. Completarase o traballo en aula con material complementario entregado polo profesor: traballarase sobre artigos periodísticos, de revistas, sitios web, visitas de estudio, apuntamentos, etc.

Cobrará especial importancia, como en cursos anteriores, o traballo realizado a través da aula virtual e a participación en proxectos de distinta índole.

## **2.- Outras decisión metodolóxicas**

### ***Materiais e recursos didácticos***

- a. Apuntamentos.
- b. Material audiovisual.
- c. Lecturas recomendadas.

## **3.- Metodoloxía sección bilingüe.**

No presente curso non hai alumnus matriculados nas seccións bilingües.

## **5.- Avaliación**

### **A. Asistencia a clase**

A non asistencia regular á clase implicará a perda do dereito á avaliación continua e ós criterios xerais de avaliación anteriormente expostos. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren no Regulamento de Réxime Interno terán, por tanto, dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso.

### **B. Procedementos de avaliación inicial**

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras tres semanas dende o inicio das clases.

Terá como obxectivo identificar o grado de desenvolvemento das competencias claves de uso mais habitual na materia: Comunicación lingüística, Competencia matemática, Competencias sociais e cívicas e Competencia en Sentido de iniciativa e espírito

empresario; así como a detección temperada de necesidades específicas de atención educativa que puidieran demandar dunha atención máis personalizada.

As probas consistirán en lectura e interpretación de textos e gráficos, análise e interpretacións de táboas de datos, etc. Todo iso efectuarase na aula en exercicios xerais para todo o grupo ou individuais.

O resultado da mesma poñerase en común co equipo docente na xunta de avaliación inicial informándose ao titor dos resultados acadados para que este, se o estima pertinente, o traslade ás familias.

Naqueles casos nos que algún alumno non acadase o nivel mínimo esperado que permite seguir as ensinanzas con aproveitamento, comunicárase ao titor e en colaboración co departamento de orientación e a familia deseñárase un programa de traballo adaptado para tratar de corrixir as carencias que se puidieran presentar.

## **C. Procedemento avaliación continua**

### **1. Instrumentos de avaliación continua**

Os distintos instrumentos de avaliación cuxo uso se contempla dende o departamento son:

<b>PROCEDIMENTOS</b>	<b>INSTRUMENTOS</b>
<b>Probas obxectivas</b>	Dous parciais por avaliación, con carácter eliminatorio, formados por unha parte teórica e outra práctica.
<b>Traballos individuais</b>	Voluntarios e/ou obrigatorios.
<b>Traballos en grupo</b>	Voluntarios e/ou obrigatorios.
<b>Traballo na aula</b>	Será obxecto de valoración.
<b>Observación e rexistro</b>	Rexistro sistemático ou esporádico polo docente do comportamento do alumno na aula.

### **2. Criterios de Cualificación**

A cualificación final da avaliación parcial, determinarase de forma concreta na programación de aula, se ben, con carácter xeral, obterase mediante a suma das seguintes porcentaxes:

- 70 % da nota da proba obxectiva.
- 30% da nota dos traballos – obrigatorios e voluntarios – que se presenten, traballo en clase e as observacións en aula recollidas polo profesor.

Para superar a materia deberán superarse as tres avaliacións e a súa cualificación final será a media aritmética das puntuacións obtidas en cada unha delas.

#### **2.1. Criterios de cualificación do uso do inglés na sección bilingüe**

A avaliación do uso da lingua inglesa na aula realizarase tendo en conta :

- Grado de comprensión da lingua inglesa na comunicación oral e escrita.

- Grado de produción da lingua inglesa na comunicación oral e escrita.
- Uso adecuado do léxico específico da materia no ámbito oral e escrito.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

- a. Debates e coloquios orais.
- b. Exposicións orais.
- c. Presentacións orais.
- d. Traballos escritos en soporte papel e dixital.
- e. Emprego do inglés nos exames sobre os contidos teórico-prácticos da materia.

A avaliación do emprego de L2 na aula vai implícito na cualificación das distintas probas e traballos establecidos na programación da materia e poderá supoñer ata un 10% da cualificación en cada caso, sempre a favor do alumno.

Valorarase positivamente a participación activa e a actitude positiva do alumno cara ao emprego da L2 na aula de forma habitual. Dita valoración recollerase polo profesor no rexistro de clase e poderá supoñer ata un 20% da nota.

### **3. Proba obxectiva**

Por cada avaliación tratarase de efectuar dúas probas obxectivas.

A estrutura de ditas probas estará, normalmente, integrada por dúas partes: unha de teoría e outra de práctica. No momento de realización do exame se informará ao alumnado da valoración de cada unha das preguntas e dos distintos apartados.

A duración da proba oscilará entre os 45 – 90 minutos dependendo da natureza dos contidos e do horario e o tempo dispoñible.

Aquelas faltas de asistencia por parte do alumnado, que se produzan durante a realización das probas obxectivas, requirirán xustificación allea ó círculo persoal ou familiar do alumno para poder gozar dunha nova data de realización antes da que sería a correspondente recuperación, e en todo caso, sempre que as ausencias se deban a enfermidade ou causa maior.

### **Superación da proba**

Para que se considere superada a proba obxectiva da avaliación será requisito imprescindible acadar unha cualificación mínima de cinco puntos na media aritmética das distintas probas parciais realizadas no trimestre.

Copiar durante a realización dunha proba obxectiva, ou non atender as indicacións que de cara a previr este tipo de actuacións, poida dar o profesorado (non dispoñer de mochila, móbiles, apuntes ou outro material similar na mesa ou arredores,...), suporá a recollida da proba e unha puntuación na mesma de cero puntos, non tendo máis repercusión que esta ou de xeito semellante, que a que tería o entregar a proba en branco; dita proba será pois obxecto de recuperación nas mesmas condicións que o resto do alumnado, dado que doutro xeito estaría a gozar dun privilexio que non correspondería en ningún caso e menos aínda tendo en conta a actuación do discente.

Para que unha proba parcial poida ser tida en conta a efectos de cálculo da media aritmética será preciso que se teña acadada unha puntuación mínima de 3 puntos. Se a puntuación acadada nunha proba parcial fose inferior a 3, considerarase non superada materia nese trimestre.

#### **4. Traballos, traballo na clase e observacións**

Todos estes aspectos valoraranse conxuntamente na porcentaxe da cualificación da avaliación indicada anteriormente, sendo esta o resultado de facer a media aritmética das puntuacións acadadas polo alumnado en cada un dos diferentes items: traballos – obrigatorios e voluntarios –, traballos en clase e observacións.

No suposto de que as circunstancias e a dinámica de traballo non permita acometer algún deles a porcentaxe correspondente ao instrumento non utilizado distribuirase proporcionalmente entre o resto de instrumentos de avaliación utilizados nesa categoría.

##### **A. Traballos obrigatorios**

En cada avaliación, os alumnos, ben en grupo ou por separado, deberán efectuar un traballo relacionado ca materia, seguindo as pautas e indicacións do profesor, que será avaliado e integrado na cualificación final de dita avaliación.

No suposto de que a calidade do traballo así o acredite o profesor resérvase o dereito a superar o límite do 20% da participación do mesmo na cualificación final da avaliación.

##### **B. Traballos voluntarios**

Aqueles alumnos que o desexen consultarán co profesor da materia a posibilidade de efectuar traballos obrigatorios. A tal efecto, deberán presentar previamente ao profesor un proxecto de traballo para a súa supervisión e asesoramento.

##### **C. Traballos na clase**

Ao longo das clases o profesor encargará ao alumnado a realización dunha serie de traballos que deberán ser obxecto de realización na aula e que estarán relacionados ca materia impartida ou algunha cuestión de actualidade relacionada ca mesma. Ditos traballos poderán ser, a criterio do profesor, obxecto de valoración.

##### **D. Observacións**

Algúns dos aspectos a observar no comportamento do alumnado da clase susceptible de ser valorado e por tanto de cualificar a efectos da avaliación:

- 
- |                       |   |   |
|-----------------------|---|---|
| A. Traballo en equipo | - | Amosa iniciativa no desenrolo do mesmo.                       |
|                       | - | Actúa de forma coordinada e colaborativa co resto de membros. |
|                       | - | Mantén unha actitude de respecto cara ós seus compañeiros.    |
- 
- |                     |   |  |
|---------------------|---|--|
| B. Participación na | - | Plantexamentode dúbidas relacionadas ca materia explicada. |
|---------------------|---|--|
-

clase.	-	Facer achegas cando así se solicite polo profesorado, de forma xeral ou personalizada.
C. Convivencia	-	Falar na clase.
	-	Alterar o mobiliario: mesas, cadeiras, etc.
	-	Tirar papeis, restos de comida.
	-	Comer ou mascar gomas, golosinas, etc.
D. Traballo na clase	-	Seguimento das explicacións.
	-	Desenrolo das tarefas encomendadas.
	-	Traer o material necesario.
E. Traballo na casa	-	Entrega.
	-	Contido, se contestan todas as cuestións ou non. Sospeitas de traballo copiado.
	-	Traballo ben presentado, sen tachaduras nin faltas de ortografía destacables.

Todos os items están redactados en positivo agás o C que está redactado en negativo, sendo as táboas de puntuación as seguintes:

Aspectos observados	A, B, D e E	Non, nunca	Case nunca	Case sempre	Sí, sempre
	C	Si, sempre	Case sempre	Case nunca	Non, nunca
Puntuación orientativa:		0	4	8	10

Dada a imposibilidade de levar un rexistro sistemático e semanal das observacións en tan poucas horas de clase, tratará de efectuarse a lo menos unha valoración global do alumno por avaliación.

## 6. Programa de recuperación e reforzo

### a. Das materias pendentes de cursos anteriores

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores deberán poñerse en contacto co xefe de departamento para recibir información detallada do procedemento a seguir para a recuperación da materia.

- ***Plan de traballo***

Os alumnos con Economía pendente de anos anteriores integraranse no grupo correspondente de 4º da ESO e seguirán a materia como se doutro alumno do grupo se tratase.

Se por circunstancias persoais o alumnado non puidese asistir á clase ou non puidese integrarse no grupo por estar cursando materias de segundo de bacharelato, deberá de poñerse en contacto co profesor que imparte a materia no seu grupo e facerlle participe de dita situación.

- ***Procedementos e instrumentos de avaliación***

Os alumnos integrados nun grupo seguirán os mesmos procedementos e se lles aplicarán os mesmos instrumentos que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez.

Aqueles que no poidan asistir a clase seguiran un plan de traballo que se establecerá dende o departamento, tendo en conta os obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos na programación así como as probas parciais acreditativas da superación da materia.

- ***Criterios de cualificación***

Seguiranse os mesmos criterios que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez con aqueles alumnos que se integren no grupo.

No suposto de aqueles alumnos que non se poidan integrar en ningún grupo, actuarase tal e como se indicou no apartado anterior, tendo en conta o seguinte:

- Ditas probas obxectivas efectuaranse nos días e horas indicados pola xefatura de estudos.
- Os contidos da materia dividiranse en tres bloques relacionados ca temporalización en trimestres na programación
- Cada bloque será obxecto dunha proba obxectiva específica, cunha parte teórica e outra práctica.
- So se considerará superada a materia cando a cualificación acadada sexa de cinco ou superior. A cualificación da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas. Para poder facer a media aritmética a cualificación da proba non deberá ser inferior a tres.
- No suposto de que nas probas correspondentes aos bloques 1 ou 2 non se acade a nota mínima de tres os contidos de dito bloque deberán de ser obxecto de recuperación. Nese caso na proba correspondente ao terceiro bloque integraranse tamén os contidos referentes aos bloques non superados.



## **b. Da materia do propio curso**

Os alumnos que cursen a materia por primeira vez deberán ter en conta que:

- ***Procedementos e instrumentos de avaliación para***

- **Unha proba obxectiva non superada**

Nas avaliacións con dúas probas obxectivas só serán obxecto de recuperación obrigatoria a primeira delas cando a cualificación acadada na mesma sexa inferior a un 30% da nota máxima.

Nestes casos, no última proba obxectiva do trimestre o alumno realizará unha proba obxectiva especial que abranguerá, ademais dos contidos correspondentes a ese último parcial, os contidos non superados no primeiro parcial.

A cualificación de esa proba especial considerárase a cualificación da proba obxectiva de dita avaliación.

- **Unha avaliación parcial**

Os alumnos que non superen a primeira ou a segunda avaliación ben por non superar as probas obxectivas ou por causa dos traballos obrigatorios, deberán de:

1. Efectuar unha proba obxectiva referida aos contidos traballados na avaliación. Dita proba efectuarase nas primeiras semanas da avaliación seguinte e terá unha estrutura similar ás probas ordinarias, cunha parte teórica e unha parte práctica.
2. Entregar de novo todos aqueles traballos obrigatorios que non acadaran unha cualificación superior a cinco.

A cualificación acadada será a media da proba mais os traballos entregados, e tomarase en consideración a efectos da cualificación final da materia.

- **A avaliación final ordinaria**

Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación deberán realizar unha proba de avaliación final no mes de xuño cunha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso e deberán entregar tamén todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

- **A avaliación final extraordinaria**

Aqueles alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria efectuarán en convocatoria extraordinaria unha proba obxectiva cunha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso e deberán entregar tamén todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

Para a súa avaliación tomaranse en consideración so os criterios mínimos da materia.

- **A avaliación final en caso de perda do dereito á avaliación continua**

Cando un alumno, por acumulación de faltas de asistencia, perda o dereito á avaliación continua, para superar a materia deberá efectuar unha proba obxectiva comprensiva de todos os conceptos impartidos ao longo do curso e entregar todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

A proba efectuarase na data que o profesor fixe ao final de curso para a recuperación da materia antes da avaliación ordinaria.

A estrutura da proba será a mesma que a do resto de probas efectuadas ao longo do curso. Dita proba considerase superada cando o alumno acade na mesma unha cualificación de 5 ou superior.

## ***Iniciación á actividade emprendedora e empresarial – 4º ESO***

### **1. Obxectivos**

De acordo co Decreto 86/2015, relaciónanse a continuación os obxectivos da E.S.O.. Destácanse en grosa os obxectivos relacionados ca materia, tal e como se recollen no currículo da mesma, regulado na Orde do 15 de xullo de 2015.

<b>A</b>	<b>Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.</b>
<b>B</b>	<b>Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</b>
<b>C</b>	<b>Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller</b>
<b>D</b>	<b>Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.</b>
<b>E</b>	<b>Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</b>
<b>F</b>	<b>Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.</b>
<b>G</b>	<b>Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</b>
<b>H</b>	<b>Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</b>
<b>I</b>	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada
<b>L</b>	<b>Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo</b>
<b>M</b>	<b>Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e</b>

	<b>incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.</b>
N	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
Ñ	<b>Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</b>
O	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 2. Secuenciación e temporalización dos contidos

A.	UD.	Bloque	Contidos	Criterios de avaliación	Ref.	Temporalización		PA
						Mes	S	
<b>Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación</b>								
1	1,2	B1.1.	Autonomía e autoconhecimento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.	B1.1.	Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.			
		B1.2.	Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.					
		B1.3.	Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.	B1.2.	Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.			
	3,4	B1.4.	Dereito do traballo.	B1.3.	Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.			
		B1.5.	Dereitos e deberes derivados da relación laboral.					
		B1.6.	Contrato de traballo e negociación colectiva.					
		B1.7.	Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.					
		B1.8.	Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.					
		B1.9.	Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.					
<b>Bloque 2. Proxecto de empresa</b>								
2	5,6	B2.1.	Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.	B2.1.	Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede lóxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc.			
		B2.2.	Elementos e estrutura da empresa.					
		B2.3.	Plan de empresa.					
		B2.4.	Planificación na empresa.					
	7	B2.5.	Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo.	B2.2.	Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.			
		8	B2.6.	Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.	B2.3.			
	B2.7.		Axudas e apoio á creación de empresas.					
<b>Bloque 3. Finanzas</b>								
3	9	B3.1.	Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.	B3.1.	Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital.			
		B3.2.	Elección da forma xurídica.					
		B3.3.	Trámites de posta en marcha dunha empresa.					
	10	B3.4.	Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).	B3.2.	Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.			
		B3.5.	Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación.					
	11,12	B3.6.	Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financiera. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.	B3.3.	Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.			
		B3.7.	Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal.					

### 3.Relacionar aspectos curriculares para cada unidade.

UD	I.Cont.	I.C.A.	I.E.A.	Estándares de aprendizaxe	CC	G.M.C.	Peso	Inst.	T.Transv.							
									P.Obx.	Tbilo.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
1,2	B1.1. B1.2.	B1.1.	IAEEB1.1.1.	Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	CSIEE/CAA	100%	3	60%	40%	X	X			X	X	
			IAEEB1.1.2.	Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	CD/CAA/CSIEE	75%	4	60%	40%	X	X	X	X	X	X	X
	B1.3.	B1.2.	IAEEB1.2.1.	Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	CAA/CSIEE	50%	2	60%	40%	X	X		X	X	X	X
3,4	B1.4. B1.5. B1.6. B1.7. B1.8. B1.9.	B1.3.	IAEEB1.3.1.	Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	CSC/CSIEE	100%	3	60%	40%	X	X			X	X	X
			IAEEB1.3.2.	Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	CSC/CSIEE/CMCCT	100%	4	60%	40%	X	X			X	X	X
			IAEEB1.3.3.	Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	CCL/CSC/CSIEE	75%	3	60%	40%	X	X	X	X	X	X	X
			IAEEB1.3.4.	Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	CSIEE/CAA/CMCCT	100%	4	60%	40%	X	X	X	X	X	X	X
5,6	B2.1. B2.2. B2.3. B2.4.	B2.1	IAEEB2.1.1.	Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	CSIEE/CAA	50%	2	60%	40%	X	X	X		X	X	X
			IAEEB2.1.2.	Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).	CSIEE/CMCCT/CD	75%	4	60%	40%	X	X	X		X		
			IAEEB2.1.3.	Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	CSIEE/CCL/CMCCT	75%	3	60%	40%	X	X	X	X	X		
			IAEEB2.1.4.	Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	CCL/CSIEE/CMCCT	75%	2	60%	40%	X	X		X	X		
7	B2.5.	B2.2.	IAEEB2.2.1.	Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.	CD/CMCCT/CAA	75%	3	60%	40%	X	X		X	X		
			IAEEB2.2.2.	Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	CCL/CSIEE/CD/CMCCT	75%	3	60%	40%	X	X	X	X	X		
8	B2.6. B2.7.	B2.3.	IAEEB2.3.1.	Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais,	CCL/CSIEE/CD/CMCCT	75%	3	60%	40%	X	X	X	X	X		

			aplicando os principios do márketing.															
			IAEEB2.3.2.	Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	CSIEE/CMCCT/CD/CAA	75%	2	60%	40%	X	X	X		X				
			IAEEB2.3.3.	Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	CD/CMCCT/CSIEE	75%	2	60%	40%	X	X		X	X				
9	B3.1. B3.2. B3.3.	B3.1.	IAEEB3.1.1.	Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	CSIEE/CMCCT	100%	4	60%	40%	X	X		X	X				
			IAEEB3.1.2.	Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	CD/CMCCT/CSIEE	75%	3	60%	40%	X	X			X				
			IAEEB3.1.3.	Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.	CSC/CMCCT	50%	2	60%	40%	X	X			X	X			
			IAEEB3.1.4.	Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	CAA/CSIEE/CMCCT	100%	4	60%	40%	X	X					X		
10	B3.4. B3.5.	B3.2.	IAEEB3.2.1.	Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.	CSIEE/CMCCT/CD	75%	4	60%	40%	X	X				X			
			IAEEB3.2.2.	Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CMCCT/CD/CSIEE	100%	4	60%	40%	X	X				X	X		
11,12	B3.6. B3.7.	B3.3	IAEEB3.3.1.	Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folia de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.	CD/CSIEE/CAA/CMCCT	75%	3	60%	40%	X	X			X	X			
			IAEEB3.3.2.	Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.	CAA/CSIEE/CMCCT/CD	75%	3	60%	40%	X	X			X	X	X		
			IAEEB3.3.3.	Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.	CMCCT/CD/CSIEE	100%	4	60%	40%	X	X					X	X	
			IAEEB3.3.4.	Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.	CSC/CAA	50%	2	60%	40%	X	X					X	X	

### LENDA COMPETENCIAS

<b>CCL</b>	<b>Comunicación lingüística</b>
<b>CMCCT</b>	<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</b>
<b>CD</b>	<b>Competencia dixital</b>
<b>CAA</b>	<b>Competencia aprender a aprender</b>
<b>CSC</b>	<b>Competencias sociais e cívicas</b>
<b>CSIEE</b>	<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</b>
<b>CCEC</b>	<b>Conciencia e expresións culturais</b>

### LENDA TRANSVERSAIS

<b>CL</b>	<b>Comprensión lectora</b>
<b>EOE</b>	<b>Expresión oral e escrita</b>
<b>CA</b>	<b>Comunicación audiovisual</b>
<b>TIC</b>	<b>Tecnoloxías da información e comunicación</b>
<b>EMP</b>	<b>Emprendemento</b>
<b>EC</b>	<b>Educación cívica</b>
<b>PV</b>	<b>Prevención da violencia</b>

(1) A partir de cada estándar pódese determinar “**indicadores de logro**” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As **rúbricas** soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,..



## 4. Metodoloxía

### 1.- Estratexias metodolóxicas

#### *Aspectos xerais*

Desde unha perspectiva interdisciplinar, a área contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para un desenvolvemento curricular coherente e integrador entre tódalas áreas. Nesta etapa, tales áreas deben reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso cas diferencias individuais.

Os principios son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade constructiva do alumno.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno. Evitarase no posible a abstacción e intentarase destacar a parte máis realista e actual de cada tema, inducendo ó alumno a facer comentarios e a buscar casos prácticos sobre o exposto.
- Orientaremos a nosa acción a estimular a capacidade de aprender a aprender.
- Promoveremos a adquisición das aprendizaxes funcionais e significativos.
- Atenderemos ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos unha avaliación que proporcione ó alumno unha orientación e información sobre o seu proceso de aprendizaxe.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía.
- Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerase a expresión individual, estimularase a iniciativa e a espontaneidade.

Dacordo co establecido no Proxecto Educativo do centro, a metodoloxía a seguir nesta programación tratará de darlle un enfoque eminentemente práctico á asignatura. Non obstante, é imprescindible unha primeira introducción teórica a cada un dos temas, facilitando a adquisición de conceptos mediante a súa explicación e acercamento ao nivel de desenrolo e capacidade do alumnado.

#### *Secuenciación habitual de traballo na aula*

O método a aplicar en cada tema consistirá nunha pequena introducción plagada de exemplos cercanos á realidade dos alumnos, abrindo o debate sobre os problemas

plantexados e identificando o nivel de coñecementos do alumnado respecto dos temas tratados. Tratarase de activar contidos e orientar a atención cara ao tema a tratar.

Acto seguido realizaranse actividades encamiñadas a asegura-lo aprendizaxe dos contidos explicados e a investigación da realidade circudante respecto ós mesmos. Tratarase en todo momento de inculcarlles aos alumnos una actitude dinámica, de búsqueda de información e análise da mesma.

Correspóndelle ao docente proporcionar ao alumnado os recursos necesarios para o seguimento da clase e a adquisición dos contidos. Completarase o traballo en aula con material complementario entregado polo profesor: traballarase sobre artigos periodísticos, de revistas, sitios web, visitas de estudio, apuntamentos, etc.

Cobrará especial importancia, como en cursos anteriores, o traballo realizado a través da aula virtual e a participación en proxectos de distinta índole.

## **2.- Outras decisión metodolóxicas**

### ***Materiais e recursos didácticos***

- d. Apuntamentos.
- e. Material audiovisual.
- f. Lecturas recomendadas.

## **5. Avaliación**

### **A. Asistencia a clase**

A non asistencia regular á clase implicará a perda do dereito á avaliación continua e ós criterios xerais de avaliación anteriormente expostos. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren no Regulamento de Réxime Interno terán, por tanto, dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso.

### **B. Procedementos de avaliación inicial**

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras tres semanas dende o inicio das clases.

Terá como obxectivo identificar o grado de desenvolvemento das competencias claves de uso mais habitual na materia: Comunicación lingüística, Competencia matemática, Competencias sociais e cívicas e Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor; así como a detección temperá de necesidades específicas de atención educativa que puideran demandar dunha atención mais personalizada.

As probas consistirán en lectura e interpretación de textos e gráficos, análise e interpretacións de táboas de datos, etc. Todo iso efectuarase na aula en exercicios xerais para todo o grupo ou individuais.

O resultado da mesma poñerase en común co equipo docente na xunta de avaliación inicial informándose ao titor dos resultados acadados para que este, se o estima pertinente, o traslade ás familias.

Naqueles casos nos que algún alumno non acade o nivel mínimo esperado que permite seguir as ensinanzas con aproveitamento, comunicárase ao titor e en colaboración co departamento de orientación e a familia deseñárase un programa de traballo adaptado para tratar de corrixir as carencias que se puideran presentar.

## **C. Procedemento avaliación continua**

### **1. Instrumentos de avaliación continua**

Os distintos instrumentos de avaliación cuxo uso se contempla dende o departamento son:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
<b>Probas obxectivas</b>	Dous parciais por avaliación, con carácter eliminatorio, formados por unha parte teórica e outra práctica.
<b>Traballos individuais</b>	Voluntarios e obrigatorios.
<b>Traballos en grupo</b>	Voluntarios e obrigatorios.
<b>Traballo na aula</b>	Será obxecto de valoración.
<b>Observación e rexistro</b>	Rexistro sistemático ou esporádico polo docente do comportamento do alumno na aula.

### **2. Criterios de Cualificación**

A cualificación final da avaliación parcial, determinarase de forma concreta na programación de aula, se ben, con carácter xeral, obterase mediante a suma das seguintes porcentaxes:

- 60 % da nota da proba obxectiva.
- 40% da nota dos traballos – obrigatorios e voluntarios – que se presenten, traballo en clase e as observacións en aula recollidas polo profesor.

Para superar a materia deberán superarse as tres avaliacións e a súa cualificación final será a media aritmética das puntuacións obtidas en cada unha delas.

### **3. Proba obxectiva**

Por cada avaliación tratarase de efectuar dúas probas obxectivas.

A estrutura de ditas probas así como a duración das mesmas determinarase na programación de aula, da que o persoal docente fará entrega ao alumnado.

Copiar durante a realización dunha proba obxectiva, ou non atender as indicacións que de cara a previr este tipo de actuacións, poida dar o profesorado (non dispoñer de mochila, móbiles, apuntes ou outro material similar na mesa ou arredores,...), suporá a recollida da proba e unha puntuación na mesma de cero puntos, non tendo máis repercusión que esta ou de xeito semellante, que a que tería o entregar a proba en branco; dita proba será pois

obxecto de recuperación nas mesmas condicións que o resto do alumnado, dado que doutro xeito estaría a gozar dun privilexio que non correspondería en ningún caso e menos aínda tendo en conta a actuación do discente.

Aquelas faltas de asistencia por parte do alumnado, que se produzan durante a realización das probas obxectivas, requirirán xustificación allea ó círculo persoal ou familiar do alumno para poder desfrutar dunha nova data de realización antes da que sería a correspondente recuperación, e en todo caso, sempre que as ausencias se deban a enfermidade ou causa maior.

#### **4. Traballos, traballo na clase e observacións**

Todos estes aspectos valoraranse conxuntamente na porcentaxe de cualificación indicada, sendo esta o resultado de facer a media aritmética das puntuacións acadadas polo alumnado en cada un dos diferentes items: traballos – obrigatorios e voluntarios –, traballos en clase e observacións.

No suposto de que as circunstancias e a dinámica de traballo na aula non permita acometer algún deles a porcentaxe correspondente ao instrumento non utilizado distribuirase proporcionalmente entre o resto de instrumentos de avaliación utilizados nesa categoría.

##### **A. Traballos obrigatorios**

En cada avaliación, os alumnos, ben en grupo ou por separado, deberán efectuar un traballo relacionado ca materia, seguindo as pautas e indicacións do profesor, que será avaliado e integrado na cualificación final de dita avaliación.

No suposto de que a calidade do traballo así o acredite o profesor resérvase o dereito a superar o límite do 40% da participación do mesmo na cualificación final da avaliación.

##### **B. Traballos voluntarios**

Aqueles alumnos que o desexen consultarán co profesor da materia a posibilidade de efectuar traballos obrigatorios. A tal efecto, deberán presentar previamente ao profesor un proxecto de traballo para a súa supervisión e asesoramento.

##### **C. Traballos na clase**

Ao longo das clases o profesor encargará ao alumnado a realización dunha serie de traballos que deberán ser obxecto de realización na aula e que estarán relacionados ca materia impartida ou algunha cuestión de actualidade relacionada ca mesma. Ditos traballos poderán ser, a criterio do profesor, obxecto de valoración.

##### **D. Observacións**

Algúns dos aspectos a observar no comportamento do alumnado da clase susceptible de ser valorado e por tanto de cualificar a efectos da avaliación:

- 
- |                       |   |   |
|-----------------------|---|---|
| F. Traballo en equipo | - | Amosa iniciativa no desenrolo do mesmo.                       |
|                       | - | Actúa de forma coordinada e colaborativa co resto de membros. |
-

	- Mantén unha actitude de respecto cara ós seus compañeiros.
G. Participación na clase.	- Formulación de dúbidas relacionadas ca materia explicada. - Facer achegas cando así se solicite polo profesorado, de forma xeral ou personalizada.
H. Convivencia	- Falar na clase. - Alterar o mobiliario: mesas, cadeiras, etc. - Tirar papeis, restos de comida. - Comer ou mascar gomas, golosinas, etc.
I. Traballo na clase	- Seguimento das explicacións. - Desenrolo das tarefas encomendadas. - Traer o material necesario.
J. Traballo na casa	- Entrega. - Contido, se contestan todas as cuestións ou non. Sospeitas de traballo copiado. - Traballo ben presentado, sen tachaduras nin faltas de ortografía destacables.

Todos os items están redactados en positivo agás o C que está redactado en negativo, sendo as táboas de puntuación as seguintes:

Aspectos observados	A, B, D e E	Non, nunca	Case nunca	Case sempre	Si, sempre
	C	Si, sempre	Case sempre	Case nunca	Non, nunca
Puntuación orientativa:		0	4	8	10

Dada a imposibilidade de levar un rexistro sistemático e semanal das observacións en tan poucas horas de clase, tratará de efectuarse a lo menos unha valoración global do alumno por avaliación.

## 6. Programa de recuperación e reforzo

### c. Das materias pendentes de cursos anteriores

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores deberán poñerse en contacto co xefe de departamento para recibir información detallada do procedemento a seguir para a recuperación da materia.

- ***Plan de traballo***

Os alumnos con Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial pendente de anos anteriores integraranse no grupo correspondente de 4º da ESO e seguirán a materia como se doutro alumno do grupo se tratase.

Se por circunstancias persoais ou organizativas o alumnado non puidese asistir á clase ou non puidese integrarse no grupo, deberá de poñerse en contacto co profesor que imparte a materia no seu grupo e facerlle partícipe de dita situación.

- ***Procedementos e instrumentos de avaliación***

Os alumnos integrados nun grupo seguirán os mesmos procedementos e se lles aplicarán os mesmos instrumentos que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez.

Aqueles que no poidan asistir a clase seguirán un plan de traballo que se establecerá dende o departamento, tendo en conta os obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos na programación así como as probas parciais acreditativas da superación da materia.

- ***Criterios de cualificación***

Segueranse os mesmos criterios que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez con aqueles alumnos que se integren no grupo.

No suposto de aqueles alumnos que non se poidan integrar en ningún grupo, actuarase tal e como se indicou no apartado anterior, tendo en conta o seguinte:

- Ditas probas obxectivas efectuaranse nos días e horas indicados pola xefatura de estudos.
- Os contidos da materia dividiranse en tres bloque relacionados ca temporalización en trimestres na programación
- Cada bloque será obxecto dunha proba obxectiva específica, cunha parte teórica e outra práctica.
- So se considerará superada a materia cando a cualificación acadada sexa de cinco ou superior. A cualificación da materia será a media aritmética das cualificacións

obtidas en cada unha das probas. Para poder facer a media aritmética a cualificación da proba non deberá ser inferior a tres.

- No suposto de que nas probas correspondentes aos bloques 1 ou 2 non se acade a nota mínima de tres os contidos de dito bloque deberán de ser obxecto de recuperación. Nese caso na proba correspondente ao terceiro bloque integraránse tamén os contidos referentes aos bloques non superados.

#### **d. Da materia do propio curso**

Os alumnos que cursen a materia por primeira vez deberán ter en conta que:

- ***Procedementos e instrumentos de avaliación para***

- **Unha proba obxectiva non superada**

Nas avaliacións con dúas probas obxectivas só serán obxecto de recuperación obrigatoria a primeira delas cando a cualificación acadada na mesma sexa inferior a un 30% da nota máxima.

Nestes casos, no última proba obxectiva do trimestre o alumno realizará unha proba obxectiva especial que abranguerá, ademais dos contidos correspondentes a ese último parcial, os contidos non superados no primeiro parcial.

A cualificación de esa proba especial considerárase a cualificación da proba obxectiva de dita avaliación.

- **Unha avaliación parcial**

Os alumnos que non superen a primeira ou a segunda avaliación ben por non superar as probas obxectivas ou por causa dos traballos obrigatorios, deberán de:

3. Efectuar unha proba obxectiva referida aos contidos traballados na avaliación. Dita proba efectuarase nas primeiras semanas da avaliación seguinte e terá unha estrutura similar ás probas ordinarias, cunha parte teórica e unha parte práctica.
4. Entregar de novo todos aqueles traballos obrigatorios que non acadaran unha cualificación superior a cinco.

A cualificación acadada será a media da proba mais os traballos entregados, e tomarase en consideración a efectos da cualificación final da materia.

- **A avaliación final ordinaria**

Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación deberán realizar unha proba de avaliación final no mes de xuño cunha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso e deberán entregar tamén todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

- **A avaliación final extraordinaria**

Aqueles alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria efectuarán en convocatoria extraordinaria unha proba obxectiva cunha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso e deberán entregar tamén todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

Para a súa avaliación tomaranse en consideración so os criterios mínimos da materia.

- **A avaliación final en caso de perda do dereito á avaliación continua**

Cando un alumno, por acumulación de faltas de asistencia, perda o dereito á avaliación continua, para superar a materia deberá efectuar unha proba obxectiva comprensiva de todos os conceptos impartidos ao longo do curso e entregar todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

A proba efectuarase na data que o profesor fixe ao final de curso para a recuperación da materia antes da avaliación ordinaria.

A estrutura da proba será a mesma que a do resto de probas efectuadas ao longo do curso. Dita proba considerarase superada cando o alumno acade na mesma unha cualificación de 5 ou superior.



## ***Economía – 1º Bacharelato***

### **1. Obxectivos**

De acordo co Decreto 86/2015, relaciónanse a continuación os obxectivos do Bacharelato. Destácanse en negrita os obxectivos relacionados ca materia, tal e como se recollen no currículo da mesma, regulado na Orde do 15 de xullo de 2015.

<b>A</b>	<b>Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade</b>
<b>B</b>	<b>Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</b>
<b>C</b>	<b>Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</b>
<b>D</b>	<b>Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</b>
<b>E</b>	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
<b>F</b>	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
<b>G</b>	<b>Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación</b>
<b>H</b>	<b>Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.</b>
<b>I</b>	<b>Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.</b>
<b>L</b>	<b>Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable</b>

	<b>do territorio, con especial referencia ao territorio galego.</b>
<b>M</b>	<b>Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.</b>
N	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
Ñ	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
O	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
<b>P</b>	<b>Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.</b>

## 2. Secuenciación e temporalización dos contidos

A	UD	Contidos	Criterios de avaliación	R.	Temp.		PA	
					Mes	S		
<b>Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica</b>								
1ª	1, 2, 3	B1.1.	Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1.	Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.			
		B1.2.	Mecanismos de asignación de recursos.	B1.2.	Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos.			
		B1.3.	Análise e comparación dos sistemas económicos.					
		B1.4.	Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.	B1.3.	Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.			
		B1.5.	Principios na toma de decisións económicas.					
		B1.6.	Modelos económicos. Economía positiva e normativa.					
		B1.7.	Información económica: interpretación de datos e gráficos.					
<b>Bloque 2. A actividade produtiva</b>								
1ª	4	B2.1.	Proceso produtivo e factores de produción.	B2.1.	Analizar as características principais do proceso produtivo.			
		B2.2.	División técnica do traballo, produtividade e interdependencia.	B2.2.	Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.			
		B2.3.	Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción.	B2.3.	Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.			
		B2.4.	Empresa: obxectivos e funcións.	B2.4.	Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.			
		B2.5.	Eficacia, eficiencia e efectividade.	B2.5.	Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.			
		B2.6.	Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica.					
		B2.7.	Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios.	B2.6.	Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.			
		B2.8.	Función de produción.	B2.7.	Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado.			
<b>Bloque 3. O mercado e o sistema de presos</b>								
1ª, 2ª	5, 6	B3.1.	Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda.	B3.1.	Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.			
		B3.2.	Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta.					
		B3.3.	Equilibrio do mercado.					
		B3.4.	Estruturas de mercado e modelos de competencia.	B3.2.	Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os consumidores, as empresas ou os estados.			
		B3.5.	Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.					



Bloque 4. A macroeconomía							
2ª	7, 8, 9	B4.1.	Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto.	B4.1.	Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.		
		B4.2.	Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.				
		B4.3.	Inflación e tipos de xuro.				
		B4.4.	Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación.				
		B4.5.	Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións.	B4.2.	Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.		
		B4.6.	Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas.	B4.3.	Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego.		
		B4.7.	Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.	B4.4.	Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.		
Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía							
2ª, 3ª	10, 11	B5.1.	O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento.	B5.1.	Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden.		
		B5.2.	Proceso de creación do diñeiro.				
		B5.3.	Teorías explicativas da inflación.	B5.2.	Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os consumidores, as empresas e o conxunto da economía.		
		B5.4.	Sistema financeiro. Novas formas de financiamento.	B5.3.	Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.		
		B5.5.	Política monetaria: instrumentos.	B5.4.	Analizar os tipos de política monetaria.		
		B5.6.	Banco Central Europeo.	B5.5.	Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.		
		B5.7.	Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro.				
Bloque 6. O contexto internacional da economía							
3ª	12, 13	B6.1.	Comercio internacional: causas e teorías.	B6.1.	Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.		
		B6.2.	Balanza de pagamentos, con especial referencia á española.				
	B6.3.	B6.2.	FAXB6.2.1	Analiza e aplica para a empresa as formalidades e as modalidades documentais de contratación.	CAA/CMCCT/CD	50%	1	60%	40%	X			X				
			FAXB6.2.2	Identifica as subvencións e os incentivos á contratación.	CMCCT/CD	50%	1	60%	40%				X				
			FAXB6.2.3	Recoñece as obrigas administrativas do/da empresario/a ante a Seguridade Social.	CSC/CSIEE	50%	3	60%	40%					X	X	X	
			FAXB6.2.4	Analiza os documentos do proceso de retribución e cotización do persoal e de xustificación do pagamento.	CMCCT/CD	50%	3	60%	40%				X				
7	B7.1.	B7.1.	FAXB7.1.1	Opera cos elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables.	CAA/CMCCT/CD	75%	4	60%	40%				X				
	B7.2.		FAXB7.1.2	Analiza e representa os principais feitos contables da empresa.	CSIEE/CD/CMCCT	75%	3	60%	40%				X	X			
	B7.3.		FAXB7.1.3	Identifica o concepto de amortización e procede ao seu rexistro contable.	CMCCT/CD	50%	3	60%	40%				X				
	B7.4.		FAXB7.1.4	Analiza e asigna os gastos e os ingresos ao exercicio económico ao que correspondan, con independencia das súas datas de pagamento ou cobramento.	CMCCT/CD/CSIEE	50%	2	60%	40%				X	X			
			FAXB7.1.5	Distingue as fases do ciclo contable, analiza o proceso contable de pechamento de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa.	CMCCT/CD	50%	3	60%	40%				X				
			FAXB7.1.6	Analiza as obrigas contables e fiscais, e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.	CSC/CMCCT/CD	75%	2	60%	40%				X		X		
			FAXB7.1.7	Manexa a nivel básico unha aplicación informática de contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico.	CD/CMCCT	50%	1	60%	40%				X				
8	B8.1.	B8.1.	FAXB8.1.1	Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente.	CSIEE/CAA/CMCCT	75%	4	60%	40%				X	X			
	B8.2.		FAXB8.1.2	Analiza e selecciona as fontes de financiamento da empresa.	CMCCT/CD	75%	3	60%	40%				X	X			
			FAXB8.1.3	Recoñece as necesidades de financiamento da empresa.	CSIEE	50%	2	60%	40%					X			
		B8.3.	B8.2.	FAXB8.2.1	Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro como a nivel comercial e ambiental.	CSIEE/CSC/CCL	50%	2	60%	40%		X			X	X	
		FAXB8.2.2		Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha.	CSIEE/CMCCT/CD	75%	3	60%	40%				X	X			
		FAXB8.2.3		Elabora estados de previsión de tesouraría e explica alternativas para a resolución de problemas puntuais de tesouraría.	CMCCT/CD	50%	1	60%	40%				X				
		B8.6.	B8.3.	FAXB8.3.1	Valora as fontes de financiamento, así como o custo do financiamento e as axudas financeiras e subvencións.	CAA/CMCCT/CD	50%	1	60%	40%				X			
		FAXB8.3.2		Comprende o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.	CSC/CMCCT/CD/	100%	1	60%	40%					X	X		
		FAXB8.3.3		Distingue o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.		100%	1	60%	40%					X	X		
		FAXB8.3.4		Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo aos compromisos de pagamento adquiridos.	CSC/CSIEE	100%	1	60%	40%					X	X	X	
9	B9.1.	B9.1.	FAXB9.1.1	Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa.	CSIEE/CCL/CD/	75%	3	60%	40%		X	X	X	X			
	B9.2.	B9.2.	FAXB9.2.1	Manexa ferramentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto.	CD/CCL/CMCCT/	75%	1	60%	40%			X	X				

## LEENDA COMPETENCIAS

<b>CCL</b>	Comunicación lingüística
<b>CMCCT</b>	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
<b>CD</b>	Competencia dixital
<b>CAA</b>	Competencia aprender a aprender
<b>CSC</b>	Competencias sociais e cívicas
<b>CSIEE</b>	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
<b>CCEC</b>	Conciencia e expresións culturais

## LEENDA TRANSVERSAIS

<b>CL</b>	Comprensión lectora
<b>EOE</b>	Expresión oral e escrita
<b>CA</b>	Comunicación audiovisual
<b>TIC</b>	Tecnoloxías da información e comunicación
<b>EMP</b>	Emprendemento
<b>EC</b>	Educación cívica
<b>PV</b>	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar “**indicadores de logro**” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As **rúbricas** soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,..

## 4. Metodoloxía

### 1.- Estratexias metodolóxicas

#### *Aspectos xerais*

Desde unha perspectiva interdisciplinar, a área contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para un desenvolvemento curricular coherente e integrador entre tódalas áreas. Nesta etapa, tales áreas deben reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso cas diferencias individuais.

Os principios son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade constructiva do alumno.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno. Evitarase no posible a abstacción e intentarase destacar a parte máis realista e actual de cada tema, inducendo ó alumno a facer comentarios e a buscar casos prácticos sobre o exposto.
- Orientaremos a nosa acción a estimular a capacidade de aprender a aprender.

- Promoveremos a adquisición das aprendizaxes funcionais e significativos.
- Atenderemos ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos unha avaliación que proporcione ó alumno unha orientación e información sobre o seu proceso de aprendizaxe.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía.
- Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerase a expresión individual, estimularase a iniciativa e a espontaneidade.

Dacordo co establecido no Proxecto Educativo do centro, a metodoloxía a seguir nesta programación tratará de darlle un enfoque eminentemente práctico á asignatura. Non obstante, é imprescindible unha primeira introducción teórica a cada un dos temas, facilitando a adquisición de conceptos mediante a súa explicación e acercamento ao nivel de desenrolo e capacidade do alumnado.

### ***Secuenciación habitual de traballo na aula***

O método a aplicar en cada tema consistirá nunha pequena introducción plagada de exemplos cercanos á realidade dos alumnos, abrindo o debate sobre os problemas plantexados e identificando o nivel de coñecementos do alumnado respecto dos temas tratados. Tratarase de activar contidos e orientar a atención cara ao tema a tratar.

Acto seguido realizaranse actividades encamiñadas a asegura-lo aprendizaxe dos contidos explicados e a investigación da realidade circudante respecto ós mesmos. Tratarase en todo momento de inculcarlles aos alumnos una actitude dinámica, de búsqueda de información e análise da mesma.

Correspóndelle ao docente proporcionar ao alumnado os recursos necesarios para o seguemento da clase e a adquisición dos contidos. Completarase o traballo en aula con material complementario entregado polo profesor: traballarase sobre artigos periodísticos, de revistas, sitios web, visitas de estudio, apuntamentos, etc.

Unha sesión a semana tratarase de traballar no proxecto empresarial.

Cobrará especial importancia, como en cursos anteriores, o traballo realizado a través da aula virtual e a participación en proxectos de distinta índole.



## **2.- Outras decisión metodolóxicas**

### ***Materiais e recursos didácticos***

- a. Apuntamentos.
- b. Material audiovisual.
- c. Lecturas recomendadas.

## **5. Avaliación**

### **A. Asistencia a clase**

A non asistencia regular á clase implicará a perda do dereito á avaliación continua e ós criterios xerais de avaliación anteriormente expostos. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren no Regulamento de Réxime Interno terán, por tanto, dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso.

### **B. Procedementos de avaliación inicial**

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras tres semanas dende o inicio das clases.

Terá como obxectivo identificar o grado de desenvolvemento das competencias claves de uso mais habitual na materia: Comunicación lingüística, Competencia matemática, Competencias sociais e cívicas e Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor; así como a detección temperá de necesidades específicas de atención educativa que puideran demandar dunha atención mais persoalizada.

As probas consistirán en lectura e interpretación de textos e gráficos, análise e interpretacións de táboas de datos, etc. Todo iso efectuarase na aula en exercicios xerais para todo o grupo ou individuais.

O resultado da mesma poñerase en común co equipo docente na xunta de avaliación inicial informándose ao tutor dos resultados acadados para que este, se o estima pertinente, o traslade ás familias.

Naqueles casos nos que algún alumno non acade o nivel mínimo esperado que permite seguir as ensinanzas con aproveitamento, comunicarase ao titor e en colaboración co departamento de orientación e a familia deseñarase un programa de traballo adaptado para tratar de correxir as carencias que se puideran presentar.

## C. Procedemento avaliación continua

### 1. Instrumentos de avaliación continua

Os distintos instrumentos de avaliación cuxo uso se contempla dende o departamento son:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Probos obxectivos	Dous parciais por avaliación, con carácter eliminatorio, formados por unha parte teórica e outra práctica.
Traballos individuais	Voluntarios e obrigatorios.
Traballos en grupo	Voluntarios e obrigatorios.
Traballo na aula	Será obxecto de valoración.
Observación e rexistro	Rexistro sistemático ou esporádico polo docente do comportamento do alumno na aula.

### 2. Criterios de Cualificación

A cualificación final da avaliación parcial, determinarase de forma concreta na programación de aula, se ben, con carácter xeral, obterase mediante a suma das seguintes porcentaxes:

- 60 % da nota da proba obxectiva.
- 40% da nota dos traballos – obrigatorios e vontarios – que se presenten, traballo en clase e as observacións en aula recollidas polo profesor.

Para superar a materia deberán superarse as tres avaliacións e a súa cualificación final será a media aritmética das puntuacións obtidas en cada unha delas.

### 3. Proba obxectiva

Por cada avaliación tratarase de efectuar dúas probas obxectivas.

A estrutura de ditas probas así como a duración das mesmas determinarase na programación de aula, da que o persoal docente fará entrega ao alumnado.

Copiar durante a realización dunha proba obxectiva, ou non atender as indicacións que de cara a previr este tipo de actuacións, poida dar o profesorado (non dispoñer de mochila, móbiles, apuntes ou outro material similar na mesa ou arredores,...), suporá a recollida da proba e unha puntuación na mesma de cero puntos, non tendo máis repercusión que ésta ou de xeito semellante, que a que tería o entregar a proba en branco; dita proba será pois obxecto de

recuperación nas mesmas condicións que o resto do alumnado, dado que doutro xeito estaría a gozar dun privilexio que non correspondería en ningún caso e menos aínda tendo en conta a actuación do discente.

Aquelas faltas de asistencia por parte do alumnado, que se produzan durante a realización das probas obxectivas, requirirán xustificación allea ó círculo persoal ou familiar do alumno para poder disfrutar dunha nova data de realización antes da que sería a correspondente recuperación, e en todo caso, sempre que as ausencias se deban a enfermidade ou causa maior.

#### **4. Traballos, traballo na clase e observacións**

Todos estes aspectos valoraranse conxuntamente na porcentaxe de cualificación indicada, sendo esta o resultado de facer a media aritmética das puntuacións acadadas polo alumnado en cada un dos diferentes items: traballos – obrigatorios e voluntarios –, traballos en clase e observacións.

No suposto de que as circunstancias e a dinámica de traballo na aula non permita acometer algún deles a porcentaxe correspondente ao instrumento non utilizado distribuirase proporcionalmente entre o resto de instrumentos de avaliación utilizados nesa categoría.

##### **A. Traballos obrigatorios**

En cada avaliación, os alumnos, ben en grupo ou por separado, deberán efectuar un traballo relacionado ca materia, seguindo as pautas e indicacións do profesor, que será avaliado e integrado na cualificación final de dita avaliación.

No suposto de que a calidade do traballo así o acredite o profesor resérvase o dereito a superar o límite da porcentaxe establecida de participación do mesmo na cualificación final da avaliación.

##### **B. Traballos voluntarios**

Aqueles alumnos que o desexen consultarán co profesor da materia a posibilidade de efectuar traballos obrigatorios. A tal efecto, deberán presentar previamente ao profesor un proxecto de traballo para a súa supervisión e asesoramento.

##### **C. Traballos na clase**

Ao longo das clases o profesor encargará ao alumnado a realización dunha serie de traballos que deberán ser obxecto de realización na aula e que estarán relacionados ca materia impartida ou algunha cuestión de actualidade relacionada ca mesma. Ditos traballos poderán ser, a criterio do profesor, obxecto de valoración.

##### **D. Observacións**

Algúns dos aspectos a observar no comportamento do alumnado da clase susceptible de ser valorado e por tanto de cualificar a efectos da avaliación:

A. Traballo en equipo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aмосa iniciativa no desenrolo do mesmo.</li> <li>- Actúa de forma coordinada e colaborativa co resto de membros.</li> <li>- Mantén unha actitude de respecto cara ós seus compañeiros.</li> </ul>
B. Participación na clase.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Plantexamento de dúbidas relacionadas ca materia explicada.</li> <li>- Facer aportacións cando así se solicite polo profesorado, de forma xeral ou personalizada.</li> </ul>
C. Convivencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falar na clase.</li> <li>- Alterar o mobiliario: mesas, cadeiras, etc.</li> <li>- Tirar papeis, restos de comida.</li> <li>- Comer ou mascar chicles, golosinas, etc.</li> </ul>
D. Traballo na clase	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguemento das explicacións.</li> <li>- Desenrolo das tarefas encomendadas.</li> <li>- Traer o material necesario.</li> </ul>
E. Traballo na casa	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrega.</li> <li>- Contido, se contestan todas as cuestións ou non. Sospeitas de traballo copiado.</li> <li>- Traballo ben presentado, sen tachaduras nin faltas de ortografía</li> </ul>

---

destacables.

---

Todos os items están redactados en positivo agás o C que está redactado en negativo, sendo as táboas de puntuación as seguintes:

Aspectos observados	A, B, D e E	Non, nunca	Case nunca	Case sempre	Sí, sempre
	C	Sí, sempre	Case sempre	Case nunca	Non, nunca
Puntuación orientativa:		0	4	8	10

Dada a imposibilidade de levar un rexistro sistemático e semanal das observacións en tan poucas horas de clase, tratará de efectuarse a lo menos unha valoración global do alumno por avaliación.

## 6. Programa de recuperación e reforzo

### A. Das materias pendentes de cursos anteriores

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores deberán poñerse en contacto co xefe de departamento para recibir información detallada do procedemento a seguir para a recuperación da materia.

- ***Plan de traballo***

Os alumnos ca materia pendente de anos anteriores integraranse no grupo correspondente seguirán a materia como se doutro alumno do grupo se tratase.

Se por circunstancias persoais ou organizativas o alumnado non puidese asistir á clase ou non puidese integrarse no grupo, deberá de poñerse en contacto co profesor que imparte a materia no seu grupo e facerlle partícipe de dita situación.

- ***Procedementos e instrumentos de avaliación***

Os alumnos integrados nun grupo seguirán os mesmos procedementos e se lles aplicarán os mesmos instrumentos que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez.

Aqueles que no poidan asistir a clase seguerán un plan de traballo que se establecerá dende o departamento, tendo en conta os obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos na programación así como as probas parciais acreditativas da superación da materia.

- ***Criterios de cualificación***

Segueranse os mesmos criterios que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez con aqueles alumnos que se integren no grupo.

No suposto de aqueles alumnos que non se poidan integrar en ningún grupo, actuarase tal e como se indicou no apartado anterior, tendo en conta o seguinte:

- Ditas probas obxectivas efectuaranse nos días e horas indicados pola xefatura de estudos.
- Os contidos da materia dividiránse en tres bloques relacionados ca temporalización en trimestres na programación
- Cada bloque será obxecto dunha proba obxectiva específica, cunha parte teórica e outra práctica.
- So se considerará superada a materia cando a cualificación acadada sexa de cinco ou superior. A cualificación da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas. Para poder facer a media aritmética a cualificación da proba non deberá ser inferior a tres.
- No suposto de que nas probas correspondentes aos bloques 1 ou 2 non se acade a nota mínima de tres os contidos de dito bloque deberán de ser obxecto de recuperación. Nese caso na proba correspondente ao terceiro bloque integraránse tamén os contidos referentes aos bloques non superados.

## **B. Da materia do propio curso**

Os alumnos que cursen a materia por primeira vez deberán ter en conta que:

- ***Procedementos e instrumentos de avaliación para***

- **Unha proba obxectiva non superada**

Nas avaliacións con dúas probas obxectivas só serán obxecto de recuperación obrigatoria a primeira delas cando a cualificación acadada na mesma sexa inferior a un 30% da nota máxima.

Nestes casos, no última proba obxectiva do trimestre o alumno realizará unha proba obxectiva especial que abranguerá, ademais dos contidos correspondentes a ese último parcial, os contidos non superados no primeiro parcial.

A cualificación de esa proba especial considerárase a cualificación da proba obxectiva de dita avaliación.

- **Unha avaliación parcial**

Os alumnos que non superen a primeira ou a segunda avaliación ben por non superar as probas obxectivas ou por causa dos traballos obrigatorios, deberán de:

1. Efectuar unha proba obxectiva referida aos contidos traballados na avaliación. Dita proba efectuarase nas primeiras semanas da avaliación seguinte e terá unha estrutura similar ás probas ordinarias, cunha parte teórica e unha parte práctica.
2. Entregar de novo todos aqueles traballos obrigatorios que non acadaran unha cualificación superior a cinco.

A cualificación acadada será a media da proba mais os traballos entregados, e tomarase en consideración a efectos da cualificación final da materia.

- **A avaliación final ordinaria**

Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación deberán realizar unha proba de avaliación final no mes de xuño cunha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso e deberán entregar tamén todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

- **A avaliación final extraordinaria**

Aqueles alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria efectuarán en convocatoria extraordinaria unha proba obxectiva cunha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso e deberán entregar tamén todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

Para a súa avaliación tomaranse en consideración so os criterios mínimos da materia.

- **A avaliación final en caso de perda do dereito á avaliación continua**

Cando un alumno, por acumulación de faltas de asistencia, perda o dereito á avaliación continua, para superar a materia deberá efectuar unha proba obxectiva comprensiva de todos os conceptos impartidos ao longo do curso e entregar todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

A proba efectuarase na data que o profesor fixe ao final de curso para a recuperación da materia antes da avaliación ordinaria.

A estrutura da proba será a mesma que a do resto de probas efectuadas ao longo do curso. Dita proba considerarase superada cando o alumno acade na mesma unha cualificación de 5 ou superior.

## IV. BIS.- Outras avaliación

### 1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente

#### Proceso de ensino

Indicadores de logro	Escala			
	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

#### Práctica docente:

Indicadores de logro	1	2	3	4
	1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado			
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				



7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

## 2.- Avaliación da programación didáctica

### 1.- Mecanismo revisión

A programación revisárase mensualmente a fin de adaptala á marcha e desenvolvemento das clases e á evolución do comportamento dos grupos de alumnos.

Cada ano, ao finalizar o curso e tras a avaliación, revisárase a programación de cara ao novo curso académico.

No suposto de que exista un retraso no desenvolvemento da materia intentarase adaptar o ritmo de traballo en aula a fin de recuperar o tempo perdido. No suposto de que isto non sexa posible centrárase o traballo naqueles contidos máis relevantes dacordo co seu peso na avaliación.

### 2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica

Indicadores de logro	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				

7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

## V.- Atención á diversidade

### Con carácter xeral:

As medidas de atención á diversidade previstas no ensino secundario en xeral son:

1. ACCIÓN TITORIAL. O titor debe de coñecer ós alumnos do seu grupo e detecta-las dificultades de aprendizaxe, coñecendo o seguimento persoal do alumno. Para isto, o profesor da área de tecnoloxía, coordinarase co titor para propoñer accións concretas e orientar ó alumno, así como o contacto periódico cos pais e titores.
2. REFORZO EDUCATIVO. O reforzo educativo non afecta de maneira central ó currículo senón a cuestións de tipo metodolóxico, como pode ser a secuenciación e temporización de contidos, etc
3. ADAPTACIÓN CURRICULAR. É unha adaptación do currículo para alumnos con necesidades educativas especiais en unha ou tódalas áreas, totalmente personalizada e revisable a cotío. Trátase dunha medida de carácter extraordinario.
4. OPTATIVIDADE. A oferta de materias optativas ten como obxecto responder á diversidade do alumnado. En este centro, de momento, non se plantexou a oferta da materia de Economía como optativa para alumnos doutras especialidades.

### **Con carácter particular**

Na ensinanza secundaria, os grupos de alumnos son moi heteroxéneos. Aínda que no primeiro curso de bacharelato esta heteroxeneidade se reduce con respecto ao ensino obrigatorio no primeiro curso aínda persiste unha parte non desdeñable.

Esta diversidade esixe unha variedade de estratexias, actividades e métodos didácticos que contribúen á implicar na aprendizaxe a alumnos con diferentes intereses. Un aspecto á destacar é a motivación que as actividades desta área provocan nos alumnos, incluso os que noutras áreas se amosan pasivos. Este feito pódese aproveitar para potenciar e lograr unha maior integración do alumno no grupo.

Nas actividades programadas débense prever axudas como poden ser:

- Trato individualizado do alumno.
- Modificar a composición dalgúns grupos de traballo para aproveitar a axuda dos compañeiros.
- Información escrita complementaria á disposición do alumnado. Puideran ser fichas de axuda que lle permitirán superar algunhas fases do traballo ou ben que posibiliten o exercicio de solucións máis complexas.

- Modificación das actividades cambiando requisitos ou condicións, ben para simplificalas ou para aumenta-la complexidade. É importante o tempo dedicado, que nalgúns casos pode ampliarse, aínda que iso supoña a non realización doutras actividades.
- Actividades complementarias de recuperación ou ampliación que poden realizar individualmente. Nesta liña son moi aproveitables os recursos audiovisuais ou informáticos.

## **VI. ANEXO ÁS CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA DEBIDO Á COVID 19**

Debido á Covid 19 ,no presente curso contemplamos distintos escenarios:

- a) Ensino presencial: Seguirase a programación conforme está establecida cos canles habituais.
- b) Ensino semipresencial.

No caso de ter que acudir ao ensino semipresencial, teremos en conta a organización do centro, unha alternativa é que o 50% dos alumnos irá presencialmente unha semana o outro 50% a semana seguinte. Cuando non asistan farase telemáticamente a través da aula virtual do centro e de videoconferencias con Cisco Webex.

- c) Ensino telemático

Levarase a cabo a través da aula virtual do centro e con videoconferencias con Cisco Webex

Para este caso considéranse estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles os seguintes:

- a) Dos relacionados na programación didáctica do curso no seu apartado 5, todos os periodizados cuxo peso sexa de igual ou superior a 3.

A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante a parte do curso presencial, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas de forma telemática.

Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados

Avaliación Procedementos:

Análise das distintas tarefas, probas e traballos realizados polo alumnado, por medios telemáticos, ou de chegar a ser posible, presenciais.

Instrumentos:

- Traballos escritos.
- Cuestionarios en liña.
- Probas en liña.

Observación:

En principio todo o alumnado da materia ten conectividade aos medios empregados.

Na plataforma da aula virtual pódense atopar todos os materiais de repaso, así como as actividades propostas, que se irán secuenciando semanalmente.

Empregaranse ademáis recursos lúdicos como xogos interactivos, participación en concursos, que fomenta o interese do alumno pola materia.

A entrega de tarefas así como os cuestionarios fanse por medio de dita plataforma.

O alumnado ten a súa disposición para resolver as dúbidas e contactar co profesor as seguintes ferramentas: mensaxería interna na plataforma EDixgal, foro de dúbidas, correo electrónico do profesor e titoría telefónica e por videoconferencia.

## **VII. Actividades complementarias e extraescolares**

O desenvolvemento das clases complementarase con actividades extraescolares de participación obrigatoria ou voluntaria, está condicionada pola pandemia do COVID-19, dependendo das circunstancias:

- Participación no proxecto internacional BET.
- Saída co alumnado a visitar empresas, organismos e institucións relacionadas co currículo da materia.

- Participación en diversos concursos, programas e proxectos online que se poidan convocar ó longo do curso
- Conferencias

## **VIII. Datos departamento**

O departamento está composto por 5 profesores:

M<sup>a</sup> del Mar Neira González.

Francisco Javier Núñez Aguado

Begoña López Rodríguez

Pilar Iglesia Muinelo.

Vanesa M<sup>a</sup> Mazaira Nieto.

## **IX. Aportación do Departamento ó Proxecto lector**

### ***I. Introducción:***

Ó igual que se ten feito en cursos anteriores, dende o Departamento trataranse de desenvolver actividades específicas de lectura naquel alumnado ó que impartimos docencia.

Con elo queremos acadar unha mellora nas competencias básicas deste alumnado, especialmente na competencia en comunicación lingüística, e tamén no tratamento da información e competencia dixital, na competencia cultural e artística e na competencia para aprender a aprender.

### ***II. Obxectivos:***

- Facilitar ó acceso ós alumnos a fontes de información escrita e audiovisual sobre os ámbitos de economía e mercado de traballo.

- Potenciar a autonomía do alumnado na procura de información e na consulta dos fondos bibliográficos disponibles.
- Ofertar tempo e espazo para a adquisición das habilidades lecto-escritoras básicas, dentro do tempo específico das materias do departamento no horario do alumno.
- Promover a consecución dun vocabulario específico das áreas de coñecemento impartidas polo departamento.
- Impulsar a adquisición de fondos bibliográficos específicos da material de economía, empresa e iniciativa emprendedora, así como a suscripción a publicacións periódicas de carácter económico adaptadas ao nivel do alumnado.

### ***III. Recursos bibliográficos:***

A biblioteca conta cunha ampla selección de material bibliográfico adaptado para ao alumnado, ó cal se irán engadindo novos fondos dun xeito mais ou menos significativo en función de multiplicidade de factores (recursos económicos, adaptación das novas publicacións ás características do alumnado,...)

Algúns dos títulos recomendados que se atopan no centro podémolos atopar no blog que dende o departamento xestionamos en relación cos fondos de economía a disposición na biblioteca:

<http://bibliotecaeconomia.blogspot.com.es/>

### **Relación de lecturas recomendadas e webs relacionadas cos contidos impartidos na materia e axustados por niveis.**

2º da ESO: Comic:Economía en 1/2 hora. José Sande. Ed. Escuela de Finanzas.

Artigos de revistas de economía.

[www.finanzasparatodos.es](http://www.finanzasparatodos.es)

4º da ESO: ¿Quién se ha llevado mi queso? Spencer Jhonson. Empresa Activa.

La buena suerte. Alex Rovira. Empresa Activa

Fish!. Alex rovira. Empresa Activa.

1º BAC: Prensa económica.

LA vuelta al mundo de un forro polar rojo. Wolfram Korno. ed. Siruela.

50 teorías económicas: sugerentes y desafiantes. Enrique Hernando. Ed. Blume.

2º BAC: Prensa económica.

Emprendedores. 25 casos de éxito en el mundo empresarial. Pedro Meyer. Ed. Alenta.

Funky Bussines forever. Kjell Nordström. **Ed. Pearson.**

### ***X. Avaliación:***

A efectos de avaliar a correcta implementación do Plan lector polo departamento, desde este propóñense as seguintes actuacións encamiñadas e comprobar o grado de consecución dos obxectivos establecidos.

1. Revisión trimestral das adquisicións efectuadas na biblioteca e das suscripcións en vigor que teñan relación ca materia
2. Análise dos traballos realizados polos alumnos en base á documentación consultada na biblioteca.
3. Grado de coñecemento adquirido polo alumnado sobre o vocabulario e expresións específicos das áreas de coñecemento do departamento.
4. Nivel alcanzada na capacidade lectora do alumnado en relación a textos específicos.



## ADENDA A PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA.

### ■ Confinamento individual de un ou varios alumnos:

As clases seguiranse a través da aula virtual, na que se lle enviarán tarefas a realizar polo alumno confinado e se subira diverso material.

No caso de ser posible coa tecnoloxía presente no centro, transmitiranse as clases en directo a través de videoconferencias coa plataforma Cisco Webex.

### ■ Confinamento de todo o grupo, profesorado incluído.

Seguirase o horario espello elaborado para o caso de confinamento total, con conexións co alumnado cun mínimo do 60% do horario lectivo presencial e con actividades a través da aula virtual.

### ■ Confinamento só do profesor ou profesora.

Comunicación co alumnado a través da aula virtual, mediante chats, tarefas para entregar e outro material dispoñible.

E todos os casos, faranse videoconferencias, sempre que sexan necesarias e así o considere o profesor ou solicite o alumnado.